



DATOS IDENTIFICATIVOS

Estrutura e análise das linguas galega e española: Semántica, pragmática e léxico

Materia	Estrutura e análise das linguas galega e española: Semántica, pragmática e léxico			
Código	V01G160V01402			
Titulación	Grao en Estudos de Galego e Español			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Lingua española			
Coordinador/a	Rodríguez Barcia, Susana			
Profesorado	Rodríguez Barcia, Susana Rodríguez Vega, María Regina			
Correo-e	barcia77@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia ten por obxecto dar a coñecer aos discentes as bases teóricas fundamentais da Semántica, a Pragmática e o Léxico das linguas galega e española. As competencias adquiridas a través desta materia permitirán aos alumnos e alumnas realizar análises lingüísticas máis profundas e mellorar as súas capacidades comunicativas e de análise crítica.			

Competencias de titulación

Código	
A4	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüística e literario
A5	Dispoñer dos coñecementos necesarios para a comprensión, análise, desenvolvemento, avaliación e aproveitamento dos recursos lingüísticos e literarios para o futuro profesional
A6	Argumentar os temas e os textos obxecto de estudo de acordo coas convencións académicas, achegando probas e servíndose dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente dos orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
A7	Participar en debates e actividades de grupo, e organizalos desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico con respecto ás posicións alleas e á tolerancia cara á diversidade social e cultural que se expresa nas linguas e literaturas en cuestión.
A9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais en español e en galego, formulando hipóteses cunha metodoloxía apropiada para transmitir ideas eficaces, de acordo coas convencións académicas, e argumentando os razoamentos expostos.
A13	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación
B1	Que o estudiantado demostrase posuír e comprender coñecementos dunha área de estudo que parte da base da educación secundaria, que se adoita atopar nun nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
B2	Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou a súa vocación dunha forma profesional, e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
B3	Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar os datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre os temas destacados de índole social, científica ou ética.
B4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B5	Que o alumnado desenvolvese aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

Competencias de materia		
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Coñecer a estrutura e organización do léxico.	A4 A5	B4 B5
Comprender os conceptos teóricos fundamentais da semántica e a pragmática.	A4 A5 A7	B1 B2
Saber facer análises semánticas, pragmáticas e léxicas en galego e español.	A6 A9 A13	B2 B3
Capacitar ao alumnado para analizar, sintetizar, comprender e extraer a información principal e secundaria dunha manifestación discursiva oral ou escrita.	A5	B3

Contidos	
Tema	
Tema 1. Semántica	1.1. O estudo do significado. Marco teórico. 1.2. Unidades semánticas. 1.3. Relacións semánticas.
Tema 2. Prágmática	2.1. Conceptos básicos de pragmática. 2.2. Relacións entre semántica e pragmática. 2.3. Os problemas da pragmática. 2.4. A teoría dos actos de fala. 2.5. O principio de cooperación: as implicaturas conversacionais. 2.6. A teoría da relevancia. 2.7. A cortesía. 2.8. Relevancia do coñecemento pragmático.
Tema 3. Léxico	3.1. O vocabulario do español e do galego. 3.2. Préstamos e neoloxismos. 3.3. Aspectos morfolóxicos xerais. 3.3.1. Flexión vs. derivación. 3.3.2. Procedementos de lexicoxénese. 3.4. Aspectos lexicográficos. 3.4.1. A definición lexicográfica: estrutura e tipoloxía. 3.4.2. Dicionario e corpus. 3.4.3. Breve historia da lexicografía galega e española

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	2	4
Sesión maxistral	18	34.2	52.2
Resolución de problemas e/ou exercicios	14	23.8	37.8
Presentacións/exposicións	6	12	18
Estudo de casos/análises de situacións	4	12	16
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	2	2	4
Traballos e proxectos	6	12	18

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Actividade introdutoria que busca recoller información sobre os coñecementos de partida, os intereses e as motivacións dos discentes. Ademais da presentación da materia farase unha pequena proba inicial non puntuable na avaliación final que servirá como valoración de nivel.
Sesión maxistral	Actividade teórica. Consiste na exposición dos contidos da materia co obxectivo de comunicar coñecementos. As explicacións estarán ordenadas e ben estruturadas e contarán con exemplos que aseguren a comprensión dos contidos.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividade práctica. Formularanse na aula ou a través da plataforma TEMA unha serie de problemas e exercicios relacionados coa materia traballada. O obxectivo é reflexionar e relacionar teoría e práctica. Tamén constitúe unha actividade básica para consolidar coñecementos.
Presentacións/exposicións	Actividade práctica. Consistirá na exposición oral por parte do alumnado dun tema concreto que se escollerá entre os temas da materia e que terá que presentar ao resto dos compañeiros e compañeiras. O obxectivo é avaliar a competencia oral dos discentes nun contexto formal. A presentación poderá realizarse en galego ou en español.

Estudo de casos/análises Actividade práctica orientada na aula polas docentes. Aínda que o alumnado poderá traballar de forma autónoma na materia, estas análises semánticas e pragmáticas realizadas na aula desenvolveranse coa colaboración entre os alumnos, alumnas e as docentes.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Para a resolución de problemas e exercicios, traballos e proxectos, así como para a realización de traballos e exposicións propostos na aula, o docente reservará un tempo de atención personalizada co fin de atender e resolver as dúbidas do alumnado.
Presentacións/exposicións	Para a resolución de problemas e exercicios, traballos e proxectos, así como para a realización de traballos e exposicións propostos na aula, o docente reservará un tempo de atención personalizada co fin de atender e resolver as dúbidas do alumnado.
Probas	Descrición
Traballos e proxectos	Para a resolución de problemas e exercicios, traballos e proxectos, así como para a realización de traballos e exposicións propostos na aula, o docente reservará un tempo de atención personalizada co fin de atender e resolver as dúbidas do alumnado.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Presentacións/exposicións	Consistirá na exposición oral por parte do alumnado dun tema concreto que se escollerá entre os temas da materia e que terá que presentar ao resto dos compañeiros. O obxectivo é avaliar a competencia oral dos discentes nun contexto formal.	25
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Consistirá nun exame que abordará todos os temas estudados durante o curso. Será imprescindible aprobar este exame para superar a materia.	50
Traballos e proxectos	Consistirá na elaboración dun traballo escrito, proposto en clase, no que se avaliará a competencia dos discentes no relativo á reflexión teórica, a aspectos metodolóxicos e a cuestións formais en canto á redacción e presentación dun texto académico.	25

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS (Maio-xuño)

Avaliación continua

A condición para ser avaliado nesta modalidade será a asistencia a un mínimo do 80% das clases. É obrigatorio realizar e entregar no prazo establecido a exposición oral e o traballo escrito. Os traballos non entregados ou entregados fóra de prazo non se avaliarán.

A cualificación na primeira edición de actas dos alumnos e alumnas que opten pola avaliación continua corresponderá ao cómputo das notas obtidas nas probas realizadas durante o curso. Para superar a materia será necesario obter como mínimo un 4,75 no exame, independentemente de que a suma das notas de todas as probas permita chegar ao 5.

Avaliación única

Se algunha alumna ou alumno non se pode acoller á avaliación continua por motivos xustificadas, deberá comunicalo ao comezo do cuadrimestre. Nese caso, a avaliación poderá realizarse mediante un exame único, baseado nos contidos da materia, no que a nota constituirá o 100% da cualificación final.

Este exame terá lugar ao final do cuadrimestre, nunha data que será acordada entre profesor e alumnado con antelación suficiente. A data desta proba coincidirá na primeira edición das actas coa data na que se realizará o exame para os discentes que opten pola avaliación continua. Proponse para este ano, tendo en conta o calendario académico, o luns 4 de maio de 2015.

A escolla desta opción en ningún caso supón a perda do dereito á asistencia. Recoméndase ao alumnado que escolla esta modalidade de avaliación que consulte regularmente os documentos que se irán colgando en Faitic.

2. SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (xullo)

Na segunda edición de actas a avaliación levarase a cabo exclusivamente mediante un exame único, baseado nos contidos da materia. Este exame terá lugar na data oficial de xullo aprobada pola Xunta de Facultade.

Os alumnos e alumnas que non acadasen o aprobado na modalidade de avaliación continua e que se presenten nesta oportunidade de xullo deben ter en conta que non se gardarán en ningún caso as notas da exposición oral e do traballo escrito.

3. OUTRAS OBSERVACIÓNS

Nos alumnos e alumnas de aviación continua, no caso de que tras a avaliación conxunta sexan necesarios ata 0,25 puntos para superar a materia, terase en conta a asistencia e participación regular e activa na clase.

Os estudantes Erasmus poderán realizar as probas coa axuda dun dicionario.

Tanto no exame coma no traballo escrito e no resto dos exercicios propostos ao longo do curso penalizaranse os erros ortográficos, os erros na expresión, as incoherencias sintácticas, etc. con ata 0,25 puntos por cada falta.

Bibliografía. Fontes de información

- Almela Pérez, Ramón, **Procedimientos de formación de palabras en español**, Barcelona: Ariel,
- Calsamiglia Blancafort, Helena y Amparo Tusón Valls, **Las cosas del decir. Manual de análisis del discurso**, Barcelona: Ariel,
- Croft, William & Alan Cruse, **Lingüística cognitiva**, Madrid: Akal,
- De Miguel, Elena, **Panorama de la lexicología**, Barcelona: Ariel,
- Escandell, M. Victoria, **Introducción a la pragmática**, Barcelona: Ariel,
- Gutiérrez Ordóñez, Salvador, **De pragmática y semántica**, Madrid: Arco/Libros,
- Medina Guerra, Antonia M^a, **Lexicografía española**, Barcelona: Ariel,
- Reyes, Graciela, **El abecé de la pragmática**, Madrid: Arco/Libros,
- Pena Seijas, Jesús, **Partes de la morfología. Las unidades del análisis morfológico** en BOSQUE, IGNACIO y VIOLETA DEMONTE (dirs.), **Gramática descriptiva de la lengua española**, Madrid: Espasa Calpe,
- REAL ACADEMIA ESPAÑOLA Y ASOCIACIÓN DE ACADEMIAS DE LA LENGUA ESPAÑOLA, **Nueva gramática de la lengua española**, Madrid: Espasa,
- Varela Ortega, Soledad, **La formación de palabras**, Madrid: Taurus,
- Varela Ortega, Soledad, **Morfología Léxica: la formación de palabras**, Madrid: Gredos,
- Yus, Francisco, **Ciberpragmática 2.0. Nuevos usos del lenguaje en Internet**, Barcelona: Ariel,
- Yus, Francisco, **Cyberpragmatics : internet-mediated communication in context**, Amsterdam: John Benjamins,

Ao longo do curso indicaranse as lecturas de carácter obrigatorio.

Ademais, en cada tema traballarase con algunhas lecturas que se concretarán durante as sesións maxistrals.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Lexicografía do español e do galego/V01G160V01915

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Análise do discurso/V01G160V01401

Comunicación oral e escrita: Español II/V01G160V01305

Comunicación oral e escrita: Galego II/V01G160V01405